

ESTÁNDARES MÍNIMOS PARA O ESTABLECEMENTO DE PERFÍS DE CALIDADE NOS EXAMES DE ALTE

CREACIÓN DO EXAME

1. Pódese describir o propósito e o contexto do uso do exame, así como a poboación para a que é adecuado
2. O exame está baseado nun construto teórico; por exemplo, nun modelo de competencia comunicativa.
3. Ofrecer criterios de selección e experiencia na elaboración de probas, persoal e asesores expertos na elaboración e desenvolvemento destas.
4. Os exames son comparables en paralelo nas diferentes administracións, en termos de contido, estabilidade, consistencia e puntos de corte.
5. Se se considera que o exame está ligado a un sistema de referencia externo, por exemplo, o Marco común europeo de referencia para as linguas, entón pódese facilitar evidencia de aliñación a este sistema.

ADMINISTRACIÓN LOXÍSTICA

6. Todos os centros que administran as probas son seleccionados seguindo uns procedementos establecidos claros e transparentes e con acceso á normativa que regula estes procesos.
7. Os materiais de exame deben ser entregados en excelentes condicións e trasladados en medios de transporte seguros aos centros autorizados de exames. O sistema de administración de exames garante a seguridade e a rastrexabilidade dos envíos de todos os documentos e a confidencialidade de todos os procedementos do sistema.
8. O sistema de administración de exames conta con sistemas de apoio apropiados, por exemplo, liña de teléfono de incidencias, páxina web, etc.
9. Protéxese de xeito adecuado a seguridade e a confidencialidade dos resultados e dos certificados, dos datos relacionados con estes, de acordo coa lexislación vixente de protección de datos. Os candidatos deberán ser informados dos seus dereitos para acceder a estes datos.
10. O sistema de exames facilita o acceso aos candidatos con necesidades especiais.

PUNTUACIÓN E CUALIFICACIÓN

11. A cualificación é o suficientemente precisa e fiable para o propósito e o tipo de exame.
12. Documentación e explicación sobre a fiabilidade da clasificación. Logros e datos sobre o grao de cumprimento. Análise das probas escritas e orais.

ANÁLISE DE EXAMES

13. Recóllense e analízanse datos dunha mostra adecuada e representativa das persoas candidatas, para ter a confianza de que a nota obtida é o resultado das destrezas avaliadas no exame e non influenciadas por factores como a lingua materna, o país de orixe, o xénero, a idade ou a orixe étnica.
14. Recollida e análise de mostras das persoas candidatas: datos sobre os ítems do nivel e concreción de tarefas (nivel de dificultade, discriminación, fiabilidade, erros e propostas de mellora sobre os exames) administración e loxística.

COMUNICACIÓN COAS PERSOAS INTERESADAS

15. O sistema de administración de exames comunícalles os resultados destes aos candidatos e aos centros de exame (por exemplo, escolas), de xeito claro e inmediato.
16. Facíltaselles información ás persoas interesadas sobre os contextos adecuados, o propósito e uso do exame, os seus contidos e a fiabilidade xeral dos resultados deste.
17. Facíltaselles información adecuada ás persoas interesadas para axudarlles a interpretar os resultados e usalos de xeito procedente.

©ALTE Code of Practice Working Group

Translated by Política lingüística